

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

CONTEXTUALIZACIÓN

O instituto IES Illa de Ons de Bueu é un centro público no que se imparten unicamente estudos de Educación Secundaria Obrigatoria, é de liña dous e acolle arredor duns 150 alumnos e alumnas procedentes, na maioría dos casos, das parroquias rurais de Cela e Beluso. A rateo por aula normalmente rolda a vintena de alumnos e alumnas. No presente curso académico hai 17 estudantes en 3º ESO A e 18 en 3º ESO B, cunha persoa repetidora en cada un dos grupos e unha parte do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O departamento aínda está a facer avaliacións iniciais para determinar as posibles adaptacións e reforzos que sexa preciso aplicar.

En canto ao patrimonio artístico e cultural de Bueu é rico e variado e pon de manifesto a súa historia profundamente ligada ao mar e á tradición mariñeira. O concello conta con varias institucións coas que o noso centro interactúa con frecuencia, proponendo proxectos cos que o alumnado toma conciencia do tesouro cultural do que vive rodeado e pon en práctica diversas actividades de carácter artístico impulsadas, entre outros, polo departamento de Debuxo. O Museo Massó, o Concello, o CIM, a Asociación de Veciños da Banda do Río, a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Os Galos, a Asociación de Alfombras de Bueu, o FIC (Festival Internacional de Curtametraxes), etc. son algunhas das entidades coas que temos traballado de maneira colaborativa nestes últimos anos. Ademais o noso centro participa con frecuencia nos diversos festivais culturais organizados no concello, montamos exposicións en distintas salas cos proxectos realizados co alumnado e organizamos obradoiros impartidos por artistas plásticos, músicos e poetas da contorna, co fin de poñer en valor e impulsar o noso patrimonio.

CARACTERÍSTICAS DA MATERIA

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 3º ESO dá continuidade ás aprendizaxes da área no 1º curso da ESO e afonda neles, contribuíndo a que o alumnado siga desenvolvendo o aprecio e a valoración crítica das manifestacións plásticas, visuais e audiovisuais, así como a comprensión das súas linguaxes, a través da súa posta en práctica na realización de diversas clases de producións.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A orde en que aparecen os obxectivos da materia non é vinculante, polo que poden traballarse simultaneamente, mediante un desenvolvemento entrelazado. De feito, o enfoque eminentemente práctico da materia leva consigo que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución destes por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia artículanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas, ademais dos factores e as etapas do proceso creativo. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

A materia impártese en lingua galega e participa no programa educativo E-Dixgal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Disciplinas e xéneros artísticos.	Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico, incorporando ademais a perspectiva de xénero.	12	8	X	X	X
2	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	Xeometría plana e introdución ás tanxencias e enlaces. As formas xeométricas na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns.	12	8	X	X	X
3	Elementos de configuración visual.	Posibilidades expresivas dos elementos de configuración das imaxes. A forma, a cor e a textura como elementos básicos de expresión e comunicación.	12	8	X		
4	Percepción visual e composición.	Introdución aos principios perceptivos. Conceptos compositivos aplicados á organización de formas no plano e no espazo.	10	8		X	
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica.	Técnicas gráfico-plásticas bidimensionais e tridimensionais. O seu uso na arte e as súas características expresivas.	14	12	X	X	X
6	O proceso creativo.	Etapas, operacións plásticas e elección de técnicas e materiais.	10	8		X	X
7	Sistemas de representación.	As vistas do sistema diédrico e o esbozo isométrico.	10	6			X
8	A imaxe audiovisual.	Lectura e análise. Introdución á imaxe en movemento.	10	6	X		
9	A produción audiovisual.	Introdución á realización de producións audiovisuais sinxelas. Técnicas e medios.	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Disciplinas e xéneros artísticos.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	70
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.

UD	Título da UD	Duración
2	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Identificar as características principais de técnicas e procedementos artísticos.	Identificar en diferentes creacións artísticas as técnicas e os procedementos empregados.	PE	50
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.	TI	50
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.	Baleiro	0
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.			
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.

UD	Título da UD	Duración
3	Elementos de configuración visual.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Identificar as especificidades das linguaxes de distintas producións artísticas.	Identificar as especificidades das linguaxes de distintas producións artísticas.	PE	60
CA2.2.1. - Identificar e analizar as posibilidades expresivas dos elementos básicos en distintas creacións.	Identificar e analizar as posibilidades expresivas dos elementos básicos en distintas creacións.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.	TI	40
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.		Baleiro	0
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.

UD	Título da UD	Duración
4	Percepción visual e composición.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.1. - Identificar e analizar as posibilidades expresivas dos elementos básicos en distintas creacións.	Identificar e analizar as posibilidades expresivas dos elementos básicos en distintas creacións.	PE	30
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	70
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.
- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar mínimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicalos a producións novedosas propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	O proceso creativo.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicalos a producións novedosas propias.	TI	100
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistemas de representación.	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.	TI	70
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
8	A imaxe audiovisual.	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	50
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	50
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.
- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.

UD	Título da UD	Duración
9	A produción audiovisual.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	20
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.	TI	80
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual en 3º ESO pretende continuar coa formación do alumnado no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e profundar nas distintas técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte e recoñecer os factores históricos e sociais que as rodean. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual. Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Ao igual que na programación de 1º ESO, os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica,

situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Ao inicio de curso realizarase unha avaliación inicial. A observación do alumnado durante as primeiras semanas de clase e a elaboración dunha serie de cuestionarios permitirán valorar o nivel do que partimos con cada alumno/a e a necesidade, ou non, de elaborar plans de reforzo que permitan a todo o alumnado a consecución mínima dos criterios establecidos.

Ademais dunha introdución xeral da materia ao comezo do curso, antes de desenvolver cada unidade didáctica faremos unha introdución do tema a tratar, establecendo un pequeno debate sobre os coñecementos previos que o alumnado poida ter e exemplificando os obxectivos con traballos realizados por alumnos e alumnas en anos anteriores.

Durante a exposición dalgúns dos contidos das diferentes unidades, o propio alumnado poderá participar mediante lecturas compartidas que axudarán a ir asimilando conceptos e a adquirir vocabulario específico da materia. Nas propostas das tarefas, que na súa maioría serán realizadas na aula, incidirase na importancia da aplicación de metodoloxías baseada na investigación, na creación persoal e no traballo colaborativo. A continuación expóñense algúns exemplos de estratexias metodolóxicas que aplicaremos na aula nas distintas unidades didácticas:

Disciplinas e xéneros artísticos

Expoñeranse os contidos a través de liñas temporais e/ou vídeos interactivos. Para reforzar os coñecementos

traballados na unidade realizarase un traballo de investigación por parellas (webquest). Como repaso e complemento da unidade, utilizaranse métodos de gamificación para repasar distintos aspectos da linguaxe artística: kahoots sobre obras, artistas ou técnicas e xogos de encrucillado ou aforcado, que consoliden o glosario de termos artísticos e técnicos.

A xeometría nos obxectos e os sistemas de representación
As construcións gráficas de debuxo xeométrico requirirán da aprendizaxe por repetición co fin de construír obxectivamente e con precisión construcións elementais. Por outra banda aplicaremos a aprendizaxe baseada en problemas que vai precisar, por unha banda, dun labor de investigación sobre as formas xeométricas na arte e na contorna e, por outra, o desenvolvemento do pensamento diverxente para elaborar unha proposta creativa de deseño compositivo.

As imaxes obtidas na proposta de investigación da contorna publicaranse nun Portfolio en Padlet, do que tamén formarán parte outras imaxes fotográficas con propostas temáticas que poderá achegar o alumnado durante o curso.

Elementos de configuración visual

Aprendizaxe cooperativa baseada na experimentación en pequenos grupos sobre as posibilidades expresivas das formas, as cores e as texturas, utilizando técnicas húmidas e mixtas. Posterior posta en común no grupo clase e reflexión sobre o proceso creativo, as calidades expresivas das técnicas aplicadas, as dificultades atopadas e o

resultado colectivo.

Percepción visual e composición

Aplicaranse distintas estruturas de aprendizaxe colaborativo para afianzar os contidos teóricos da unidade:

- “Xogo de palabras clave” para traballar distintos conceptos relacionados cos principios perceptivos.
- “Lapis ao centro” con cuestións sobre as primeiras nocións sobre percepción explicados no tema.
- “O folio xiratorio” co obxectivo de identificar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en diferentes imaxes.

Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica

Experimentación individual e en grupo con distintas técnicas secas, húmidas e mixtas sobre distintos soportes.

Comezo e remate da unidade con rutinas de pensamento “vexo, penso, pregúntome” a partir de imaxes de primeiros planos de obras bidimensionais e tridimensionais que permitan distinguir materiais e técnicas. As rutinas terán tres tempos para realizalas en outras tantas fases: individual, parellas e grupo.

O proceso creativo

Traballo por proxectos: musical “Miserábeis”

- Elaboración de escenografía e elementos de atrezzo (máscaras, complementos, adaptación de vestiario).

A imaxe e a produción audiovisual

Traballo por proxectos: “Tes un minuto?”

Participaremos un ano máis, en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e outros departamentos didácticos, no proxecto interdisciplinario “Tes un minuto?”,

un desafío creativo baseado na elaboración dun vídeo en galego cunha duración máxima de un minuto. Na aula taller elaborarán, de xeito individual, por parellas ou pequenos grupos, o guión técnico das súas creacións audiovisuais, para posteriormente facer as gravacións en distintos espazos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de debuxo técnico: lapis duro, láminas de debuxo, escuadro, cartabón, compás, regra numerada, transportador de ángulos.
Material para elaboración de traballos plásticos: lapis de grafito de distintas durezas, lapis de cores, carboncillos, difuminos, lapis acuarelables, rotuladores, témperas, pinturas plásticas, pinceis e brochas, papeis de distintos tipos, pegamento, tesoiras...
Material para elaborar traballos en barro e gravado: rolos, gubias, espátulas, burís...
Biblioteca de aula, material da biblioteca inclusiva para alumnado con necesidades específicas, materiais adaptados, libros de texto do departamento, revistas, folletos e materiais de refugallo.
Ordenador e canón. Para algunhas actividades utilizamos os equipos E-Dixgal do alumnado e material audiovisual do propio centro.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual impártese fundamentalmente na aula específica do centro, que conta con mobiliario e ferramentas propias da área: mesas e cadeiras de debuxo, mesa para traballos de grandes dimensións, lavabos, cabaletes, tórculo de gravado, etc. Para actividades puntuais podemos saír a outros espazos do centro: biblioteca, salón de actos, patio, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As probas de avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá as seguintes actuacións:

- Unha análise dos informes do curso anterior (resultados, estilos de aprendizaxe e necesidades).
- O coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional (contexto sociofamiliar, intereses e motivación). Para acadar esta información realizaranse cuestionarios, xogos nas titorías e conversas e debates de carácter informal en grupo e de xeito individual.
- Unha proba de carácter competencial que permita detectar posibles necesidades (comunicación, autonomía, habilidades). Actividades e cuestionarios orais e escritos que son elaborados en coordinación cos outros departamentos didácticos do centro, co fin de non sobrecargar ao alumnado con probas ao comezo de curso e de non repetirnos nas propostas.

En función dos resultados obtidos nesta avaliación, o departamento tomará as medidas precisas para atender as necesidades detectadas. Se a programación non se axusta ao nivel da clase poderán modificarse aspectos como:

- A secuenciación e temporalización dos contidos: poderemos incluír contidos impartidos na etapa anterior ou comezar cada tema repasando conceptos e procedementos previos.
- A metodoloxía e a proposta de actividades: actividades con diferentes niveis de profundidade no tema a tratar, tarefas de procura de información e propostas máis motivadoras.
- A organización da aula. Traballos por grupos/parellas, axuda entre compañeiros/as mediante traballo colaborativo, etc.

Se a programación está axustada en xeral ao nivel da clase pero hai unha minoría de alumnos/as que non acadan o nivel de esixencia desta, tomaremos medidas individualizadas de reforzo educativo ou adaptación curricular. Estas decisións realizaranse tras a posta en común dos resultados na reunión de avaliación inicial co resto do equipo docente, co que compartiremos os datos obtidos nesta materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	10	14	10	10	10	10	100
Proba escrita	30	50	60	30	0	0	30	50	20	30
Táboa de indicadores	70	50	40	70	100	100	70	50	80	70

Criterios de cualificación:

Durante o curso académico, o departamento fará un seguimento da evolución e desenvolvemento do alumnado dentro da materia. Para a recollida de datos que permitan unha correcta valoración do traballo realizado, utilizaranse distintos instrumentos de avaliación: rúbricas con indicadores de logro, a observación diaria na clase e os resultados obtidos en pequenos cuestionarios. Os datos acadados rexistraranse no caderno da profesora mediante fichas individualizadas, que poderán ser consultadas polos alumnos/as ou titores/as para facer o seu seguimento na materia.

Para obter a nota global de cada avaliación teranse en conta os datos recollidos mediante os instrumentos de avaliación citados e aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- **TRABALLOS PRÁCTICOS** (70% da nota total). Valorarase a creatividade e expresividade plástica, os coñecementos: aplicación de conceptos, a técnica: dominio dos métodos e procedementos de expresión e o acabado: orde e limpeza na presentación. Ademais terase en conta o interese: atención e participación na clase, a expresión: dominio do vocabulario propio da área, o respecto: colaboración cos compañeiros/as e tolerancia e o traballo: esforzo, constancia e puntualidade na entrega das actividades.

As tarefas non presentadas valoraranse cun 0 que fará media coas notas obtidas nos outros traballos presentados.

Previamente a facer as entregas de maneira presencial, o alumnado deberá facer fotografías de todas as tarefas propostas e subilas á plataforma E-dixgal nos apartados correspondentes.

- **PROBA ESCRITA** (30 % da nota total).

A nota da avaliación final reflectirá a media das tres avaliacións trimestrais.

Criterios de recuperación:

Durante o curso, o alumnado que teña traballos suspensos poderá realizar tarefas específicas adaptadas ás súas necesidades e baseadas nas aprendizaxes non acadadas, co fin de superar os mínimos esixibles. Calcularase a nota media dos traballos entregados durante o curso, incluídos os presentados nos períodos de recuperación, e teranse en conta os criterios de cualificación explicados no apartado anterior.

Por outra banda, realizarase unha recuperación por avaliación das probas escritas e unha proba de recuperación final daquelas partes non superadas durante o curso. Valorarase o traballo do seguinte xeito:

1º- Nota media das tarefas entregadas durante o curso, incluídas as presentadas nos períodos de recuperación (70% da nota).

2º- Nota media das probas escritas realizadas durante o curso, tendo en conta as notas das probas recuperadas (30% da nota).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento elaborará un plan de acción para o alumnado coa materia pendente, mantendo os contidos mínimos da programación.

Dado o carácter práctico da materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual, proporase ao alumnado coa materia pendente de 3º ESO a entrega de tarefas que permitan á profesora comprobar a mellora nos aspectos non superados o curso anterior co fin de acadar os mínimos esixibles.

Como a materia de Expresión Artística é optativa en 4º ESO, e tendo en conta que os contidos están directamente vinculados aos traballados na materia de Educación Plástica e Visual de 1º e 3º ESO, ao alumnado que estea matriculado neste nivel faráselle un seguimento na propia aula, tendo en conta nas tarefas de 4º ESO os posibles avances nos obxectivos non acadados en 3º ESO e valorando, coas propias actividades de 4º curso, a superación dos criterios establecidos no curso anterior. No caso de que o/a alumno/a non leve un ritmo de traballo axeitado, deberá realizar as tarefas que se lle require ao alumnado de 3º non matriculado na materia de Educación Plástica e Visual en 4º.

O alumnado que non estea matriculado na materia en 4º poderá solicitar á profesora encontros para recibir explicacións das tarefas, resolución de dúbidas ou calquera outra necesidade que se presente. Ademais estarán en permanente contacto a través da mesaxería da AULA VIRTUAL ou do correo electrónico.

O material para poder preparar as actividades proporcionaráselle a través da AULA VIRTUAL, no curso "Pendentes Educación Plástica Visual e Audiovisual - 3º ESO".

A presentación das tarefas organizarase en 3 fases:

- 1ª AVALIACIÓN: primeira semana do mes de decembro.
- 2ª AVALIACIÓN: segunda semana do mes de marzo.
- 3ª AVALIACIÓN: primeira semana do mes de xuño.

Previamente a facer as entregas de maneira presencial, o alumnado deberá facer fotografías de todas as tarefas propostas e subilas á plataforma E-dixgal nos apartados correspondentes.

Aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

TRABALLOS PRÁCTICOS (100 % da nota total). Valorarase a creatividade: orixinalidade e expresividade plástica, os coñecementos: aplicación de conceptos, a técnica: dominio dos métodos e procedementos de expresión e o acabado: orde e limpeza na presentación.

As tarefas non presentadas valoraranse cun 0 que fará media coas notas obtidas nos outros traballos presentados.

O alumnado que non supere a materia entregando estas tarefas nos prazos indicados, será cualificado mediante unha proba global teórico-práctica coa que serán valoradas a capacidade de comprensión e razoamento lóxico e a creatividade.

Para obter a nota media destes aspectos aplicarase a seguinte porcentaxe:

- TRABALLOS PRÁCTICOS (60 % da nota).
- PROBA ESCRITA (40 % da nota).

6. Medidas de atención á diversidade

A atención ás necesidades específicas do alumnado estará presente na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual en tres condicións diferentes:

1. No desenvolvemento das unidades didácticas, onde todos os compoñentes traballaranse desde dúas dimensións:
 - a. O ámbito básico, que trata os elementos mínimos do currículo, e que xustifica as actividades de reforzo para os/as alumnos/as que non os acadan.
 - b. O ámbito de ampliación, cun maior nivel de complexidade, para aqueles/as alumnos/as que resolvan de forma satisfactoria os niveis básicos.
2. Na posta en práctica da programación, sobre a que se poderán introducir as variacións convenientes en función das necesidades do alumnado.
3. Nas diversas posibilidades dos materiais:
 - a. Do/a alumno/a (fichas de reforzo, fichas de ampliación, plans persoais de aprendizaxe...) utilizados no contexto das

diferentes actividades.

b. Do/a profesor /a (suxestións metodolóxicas, bibliografía, rexistros, fichas de desenvolvemento, fichas de planificación...).

Tras a realización da avaliación inicial e en función dos resultados obtidos nela, o departamento tomará as medidas precisas para atender as necesidades detectadas. Valorarase a posibilidade de facer reforzos educativos ou adaptacións curriculares, segundo sexa o nivel de competencia curricular deste alumnado respecto ao currículo de referencia. No caso da necesidade de adaptar o currículo, considerarase a idoneidade das metodoloxías a aplicar, os espazos e recursos cos que traballar e a adecuación dos tempos aos ritmos de aprendizaxe en cada caso particular.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Concienciación sobre o cambio climático	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Cooperación e respecto mutuo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Respeto polos dereitos humanos (liberdade, xustiza, igualdade, pluralismos, democracia, paz...)	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Educación para a saúde	X
ET.11 - Concienciación sobre o cambio climático	X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X
ET.13 - Cooperación e respecto mutuo	X
ET.14 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.15 - Respecto polos dereitos humanos (liberdade, xustiza, igualdade, pluralismos, democracia, paz...)	X

Observacións:

Os elementos transversais anteriormente citados trabállanse, en máis ou menos medida, en todas as unidades desta materia, na que os alumnos e alumnas aprenden a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, contribuíndo a desenvolver a súa competencia cultural e artística.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigas, á cooperación e ao respecto cara as demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

Os medios de comunicación tratados na programación (cine, prensa, televisión, a rede...) son un instrumento privilexiado para analizar criticamente os seus intereses e valores, participan tanto na educación para a saúde como na educación para a igualdade entre os sexos, no sentido de axuizar as producións icónicas que nos rodean para que as mensaxes que emitan non sexan discriminatorias.

Nas distintas propostas, o uso de materiais naturais e artificiais reciclados, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, contribuirán á educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, así como á concienciación sobre o cambio climático.

Na meirande parte das propostas promóvese a cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentando os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a algún museo de Arte Contemporánea da contorna.	Visitas guiadas a algún dos museos de Arte Contemporánea da contorna: CGAC, MARCO, Fundación Serralves...			X
Visita a algunha exposición dalgún artista plástico galego.	Visitas a espazos expositivos nos que se mostren traballos realizados por artistas plásticos galegos/as.		X	
Obradoiros e charlas relacionados coa materia de Educación Plástica.	Organizaranse charlas e obradoiros de ilustración e creación audiovisual impartidos por profesionais.		X	
Exposicións de carteis conmemorativos, fotografías e outros traballos propios da materia.	Organizaranse distintas exposicións que mostren os resultados realizados na propia materia e en colaboración con outros departamentos do centro para conmemorar distintas datas: Dereitos Humanos, Violencia de Xénero, Letras Galegas, 8 de Marzo...	X	X	X
Colaboración co FIC (Festival Internacional de Curtas) de Bueu	Visionado e debate crítico sobre distintas curtas que traten temas de desigualdades sociais.	X		

Observacións:

O departamento de Educación Plástica e Visual promove todos os cursos actividades relacionadas coa nosa área e colabora nas celebracións e nas propostas complementarias organizadas pola dirección, por outros departamentos do centro, pola Biblioteca ou polo Equipo de Dinamización da Lingua, elaborando e expoñendo ante a Comunidade Educativa os traballos realizados con motivo de datas sinaladas.

As visitas de colaboradores/as externos programaranse trimestralmente, en función da oferta das distintas institucións e profesionais e as posibilidades organizativas do centro.

Colaboraremos nos proxectos interdisciplinarios "Miserábeis", teatro musical organizado polos departamentos de Música e Xeografía e Historia; "Tes un minuto?", un desafío creativo promovido polo Equipo de Dinamización da Lingua, baseado na elaboración dun vídeo en galego cunha duración máxima de un minuto, e nunha actividade de protección medioambiental organizada polos departamentos de Ciencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programa a materia tendo en conta os obxectivos e o logro das competencias clave establecidas no perfil de saída do currículo.
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
Selecciona e secuencia os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.
Establece os instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.
Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e intereses do alumnado.
Revisa, con frecuencia, os traballos propostos.
Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.

Metodoloxía empregada
Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.
Detecta os coñecementos previos de cada unidade.
Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Promove a reflexión dos temas tratados.
Cando introduce conceptos novos relaciónaos cos xa coñecidos, intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos, etc.
Propón actividades grupais e individuais que permitan adquirir as aprendizaxes e destrezas propias da etapa.
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.
Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ten en conta a distribución de espazos e de mobiliario para a interacción do alumnado na aula.
Fai unha correcta xestión dos recursos materiais da aula, así como da integración das ferramentas tecnolóxicas.
Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son alcanzados suficientemente.
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
Clima de traballo na aula
Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
Estimula a participación activa dos estudantes.
Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
Favorece o respecto mutuo entre o alumnado, a escoita atenta e un clima onde se xestionen adecuadamente as emocións.
Favorece a inclusión e o respecto pola diversidade.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínase co profesorado doutros departamentos para elaborar proxectos competenciais interdisciplinares.
Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.
Outros
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes...

Descrición:

Ao comezo do curso e ao longo do desenvolvemento de cada unha das unidades didácticas analizarase a actitude e a resposta do alumnado ante as distintas propostas de traballo co fin de poder avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Os indicadores de logro basearanse nos seguintes puntos:

- Adecuación dos obxectivos programados ás necesidades do alumnado (ritmos, intereses, medidas de atención á diversidade).
- Axeitada secuenciación dos contidos (temporalización, alternancia entre os bloques, consecución de competencias).
- Utilización dunha correcta metodoloxía (motivadora, participación activa, traballo cooperativo) e idoneidade dos materiais didácticos empregados (manipulables, accesibles, atraentes, suficientes...).
- Avaliación integradora e formativa (consecución das aprendizaxes imprescindibles, superación do nivel competencial, autoavaliación para valorar o rendemento positivo).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Co fin de analizar a coherencia existente entre o modelo teórico do que parte a programación de Educación Plástica Visual e Audiovisual e a práctica que levamos a cabo na aula é necesario facer unha avaliación da propia programación.

Mensualmente o departamento fará o seguimento das unidades didácticas na aplicación Proens e recollerá, no libro de actas, as propostas de modificación ou mellora.

Avaliarase:

- A súa coherencia co proxecto educativo do centro.
- A súa adaptación ás características do medio.
- A adecuación dos obxectivos programados ás características dos/das alumnos/as.
- A distribución equilibrada e apropiada dos contidos.
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais didácticos empregados.
- A validez dos criterios e ferramentas de avaliación establecidos.

9. Outros apartados

1. Achega do departamento ao Plan lector

Ademais do aproveitamento dos recursos cos que conta a propia Biblioteca de Aula, que utilizaremos no desenvolvemento das diferentes unidades didácticas, desde este departamento procurarase fomentar a lectura mediante distintas actividades: participación na "Hora de ler" e no Club de Lectura, combinación da lectura dunha obra literaria coa súa plasmación gráfica, reinterpretación de contos populares, lectura de cómics de distintas épocas e estilos e creación dunha banda deseñada propia, creación de caligramas a partir da lectura de poemas e relatos curtos, traballos de fotografía ("book-faces") e vídeo ("book-trailers").

Por outra banda, o departamento colaborará coa Biblioteca escolar naquelas actividades que propoña co fin de potenciar a lectura entre o alumnado.

2. Achega do departamento ao Plan de integración das TIC

Dentro desta materia os recursos tecnolóxicos específicos non só supoñen un medio válido para as producións visuais, senón que ademais colaboran na adquisición da competencia dixital. Nos grupos de 3º ESO traballaremos dentro do proxecto E-Dixgal e utilizaremos varios dos programas instalados nos seus equipos para o retoque de imaxes, realización de deseños, creación de pezas audiovisuais e presentación de contidos a través das ferramentas ofimáticas.

Por outra banda, este departamento forma parte do grupo de traballo que está a elaborar o Plan Dixital de Centro, un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.